

LIBRO V DAS INSTALACIÓNS

O presente Libro establece as condicións mínimas das instalacións nas que se poden desenvolver competicións de acordo coa Regulamentación da FEGAN.

No mesmo establécense os mínimos esixidos ás instalacións para a celebración de competicións reguladas pola FEGAN para Competicións Territoriais.

Así mesmo, regúlanse as condicións e procedemento de homologación das instalacións, nas que se pretenden desenvolver competicións de acordo coa regulamentación RFEN e FINA, e competicións territoriais reguladas pola FEGAN.

NORMAS DAS INSTALACIÓNS DA FEGAN

Artigo 1. DIMENSIÓNS PARA PISCINAS CAMPIONATOS TERRITORIAIS

Todos os Campionatos de Galicia, deberán celebrarse en piscinas que cumpran as normas de instalacións FEGAN.

Artigo 2. DIMENSIÓNS MÍNIMAS PARA PISCINAS FEGAN

Todas as demais competicións celebradas baixo as Normas da FEGAN, deberán ser realizadas en piscinas que se axusten coas dimensións mínimas establecidas nesta sección.

Artigo 3. EXCLUSIÓNS

Quedan excluídas destas normas aquelas piscinas nas que se pretenda celebrar competicións de tipo nacional ou internacional, organizadas pola RFEN, as cales deberán de estar homologadas segundo o regulamento no Libro correspondente da RFEN.

Calquera dúbida ou omisión nas normas establecidas no presente Libro, resolverase pola Comisión de Homologación de Piscinas da FEGAN e de acordo co Libro XII do Regulamento da RFEN referente a INSTALACIÓNS.

Artigo 4. PISCINAS DE NATACIÓN

4.1. LONXITUDE

PISCINAS DE 50 METROS

O vaso deberá ter unha lonxitude suficiente para que a distancia requirida de 50 m. estea asegurada aínda no caso da utilización dun equipo de clasificación automático, para o cal a distancia entre as dúas paredes frontais debe ser de 50,03 metros, posto que estas teñen un grosor de 1 cm.

Permítese unha tolerancia de +0,03 m. a $\pm 0,00$ m. en ambos os límites das paredes frontais en todos os puntos desde 0,30 m. por encima a 0,80 m. por baixo da superficie da auga.

PISCINA DE 25 METROS

O vaso deberá ter unha lonxitude suficiente para que a distancia requirida de 25 m. estea asegurada aínda

no caso da utilización dun equipo de clasificación automático, para o que a distancia entre as dúas paredes frontais debe ser de 25,02 metros, posto que estas teñen un grosor de 1 cm.

Permítese unha tolerancia de +0,02 m. a $\pm 0,00$ m. en ambos os límites das paredes frontais en todos os puntos desde 0,30 m. por encima a 0,80 m. por baixo da superficie da auga.

Estas medidas deberán de ser certificadas segundo as Normas de Homologación da FEGAN establecidas.

4.2.- PROFUNDIDADE

Requírese unha profundidade mínima de 1,00 m. A profundidade da auga onde estean situadas as plataformas de saída, deberá de ser de polo menos 1,20 m. nunha distancia de 1,00 m. a 5,00 m. dende o límite da parede.

4.3.- PAREDES

a) As paredes formarán entre si un paralelepípedo rectángulo, e serán verticais formando un ángulo recto coa superficie da auga.

Estarán construídas por un material sólido, e as paredes frontais terán unha superficie antiescorregante que se estenda en 0,80 m. por baixo da superficie da auga.

b) Permítese apoios ao longo dos muros do vaso, debendo estar a unha distancia non inferior a 1,20 m. por baixo da superficie da auga, e cunha anchura comprendida entre 0,10 e 0,15 m.

c) Poderanse colocar desaugadoiros ao longo das catro paredes do vaso. Nas paredes frontais deberán permitir a instalación de placas de toque á altura de 0,30 m. por encima da superficie da auga. Deberán de ser dun material suficientemente ríxido para evitar deformacións apreciables e recubertas por unha reixa ou pantalla adecuada, debendo manter a auga a un nivel constante.

4.4.- PISTAS

Terán polo menos 2,00 m. de ancho, con dous espazos laterais de polo menos 0,20 m por fóra das pistas extremas primeira e última. O número mínimo de pistas será de cinco.

A sinalización pistas colocada no fondo do vaso será de cor escura contrastado, e colocada no centro de cada pista.

Ancho:

Mínimo 0,20 m.

Máximo 0,30 m.

Lonxitude:

46,00 m. para piscinas de 50 m.

21,00 m. para piscinas de 25 m.

Cada liña de pista terminará a 2,00 m. das paredes frontais, cruzadas cunha liña perpendicular de 1,00 m. de lonxitude e do mesmo ancho que as liñas de fondo.

As liñas das crucetas colocaranse nas paredes frontais ou nas placas de toque, no centro de cada pista, do mesmo ancho que as liñas de fondo. Estenderanse dende o bordo da parede ata o fondo do vaso. Trazarase unha liña perpendicular de 0,50 m. de lonxitude, a 0,30 m. por baixo da superficie da auga, medida ao eixo central das liñas cruzadas. (ver Fig. 1)

SINALIZACIÓNS

Anchura dos sinais das pistas	A	0.25m. \pm 0.05
Lonxitude de sinais en paredes frontais	B	0.50m. \pm 0.05
Profundidade ao centro das sinais paredes frontais	C	0.30m. \pm 0.05
Lonxitude liña cruzada final sinal do fondo	D	1.00m. \pm 0.05
Anchura das pistas en piscina de 50 m.	E	2.50m.
Anchura das pistas en piscina de 25 m.	E	2.00m.
Distancia desde a liña cruzada a paredes frontais	F	2.00m. \pm 0.05
Paneis de toque en piscina de 50 m. (*)	G	2.40m. x 0.90m.
Paneis de toque en piscina de 25 m	G	1.90m. x 0.90m.

(*) NOTA: En competicións que se celebren en piscina de 50 m, poderanse igualmente utilizar paneis de toque de 1,90 x 0,90 m.

4.5.- BOIAS

Estenderanse ao longo da lonxitude total do vaso, suxeitas a cada extremo con ganchos encaixados nas paredes frontais. Cada boia deberá comporse de flotadores colocados de xeito continuo, cun diámetro mínimo de 0,05 m. e máximo de 0,15 m.

A cor dos flotadores que se estendan ao longo dunha distancia de 5.00 m. desde cada extremo do vaso, será distinto do resto dos flotadores. Así mesmo, colocarase un flotador de distinta cor aos 15.00 m. desde cada parede extrema, como indicador de saída e viraxe de costas. Nas piscinas de 50 m. sinalarase, ademais, o centro de cada boia (25 m.) con outro flotador de distinta cor que os demais.

Non haberá máis dunha boia entre cada rúa. As oias deberán de estar firmemente estiradas.

Existirá unha boia que separe as pistas primeira e última das paredes lonxitudinais, a unha distancia mínima de 0,20 m.

4.6.- PLATAFORMAS DE SAÍDA

Deberán de ser firmes, e non dar efecto de trampolín nin abalo. A altura da plataforma deberá estar entre 0.50m. e 0.75m. por encima da superficie da auga.

A superficie deberá de ser polo menos de 0.50x0.50m. e cuberta dun material non escorregante, así como o seu bordo frontal. O ángulo de inclinación non será superior aos 10 graos.

A plataforma estará construída de forma que permita ao nadador agarrarse a ela frontalmente ou lateralmente no momento da saída. Recoméndase que, se o espesor da plataforma de saída excede de 0,04m., existan lugares de agarre a 0,03m. desde a superficie da plataforma, de polo menos 0,10m. de ancho en cada lado e de 0,40m. de ancho na fronte.

As agarradoiras para a saída de costas, colocaranse entre 0,30m. e 0,60m. por encima da superficie da auga, horizontal e verticalmente á vez. Serán paralelos á superficie da parede do extremo sobre a que se sitúan e manteranse na súa mesma vertical.

Cada plataforma de saída debe estar numerada claramente nos seus catro lados. A pista número 1 situarase no lado dereito mirando á fronte do vaso a partir do extremo de saída.

4.7.- INDICADORES DE VIRAXES E CORDA DE SAÍDAS FALSAS

Os indicadores de viraxes sinalizaranse cunha liña de bandeirolas, suspendidas a través do vaso, a un mínimo de 1,80m. e un máximo de 2,50m. por encima da superficie da auga, enganchados en soportes fixos, colocados a 5,00m. desde as paredes frontais. Así mesmo, colocaranse sinais distintivos a ambos os dous lados do vaso, en caso de non existir nas boias, a 15,00m. desde cada extremo da parede.

A corda de saída falsa estará suspendida, atravesando o vaso polo menos a 1,20m. por encima da superficie da auga, enganchada a soportes fixos colocados a 15,00m. do extremo de saída. Estará suxeita aos soportes fixos mediante un dispositivo ou mecanismo que permita soltala facilmente. A corda deberá cubrir de forma efectiva todas as rúas cando se deixe caer.

4.8.- TEMPERATURA DA AUGA

A temperatura da auga será de $26^{\circ} \pm 1^{\circ}$ centígrados. Durante a competición a auga do vaso deberá manterse a nivel constante, sen movementos apreciables. Co fin de observar normas de hixiene en vigor, autorízase a entrada e saída de auga, na medida que non se cre ningunha corrente nin turbulencia de forma notable.

4.9.- ILUMINACIÓN

A intensidade luminosa sobre as plataformas de saída e os extremos de viraxe non será inferior a 600 lux.

4.10.- PISCINAS PARA COMPETICIÓN TERRITORIAIS

Lonxitude: 50.00m. entre as placas de toque do equipo de clasificación automática.

25.00m. entre as placas de toque do equipo de clasificación automática.

(As tolerancias nas dimensións están reflectidas no Art. 4.1.)

Anchura: 21.00m. en piscina de 50 m. 12.50m. en piscina de 25 m.

Profundidade: 1.80m. como mínimo.

Paredes: Igual que Art. 4.3.

Desaugadoiros: Igual que Art. 4.3.

Número de pistas: Seis en piscina de 25 m, oito en piscina de 50 m. As pistas serán de 2,50m. de ancho con dous espazos de 0.50m. por fóra das rúas 1 e 8. Deberá de existir unha boia separando eses espazos laterais.

Sinalizacións: igual que Art. 4.4.

Boias: Igual que Art. 4.5.

Plataformas: Igual que Art. 4.6.

Indicadores: Igual que Art. 4.4. e 4.7.

Temperatura: Igual que Art. 4.8.

Iluminación: A intensidade de luz sobre toda a instalación non será inferior a 1500 lux.

Distancias: A distancia mínima no exterior do vaso, necesaria para o control da Competición, será de 2.00m. nos laterais e fondo, e 5.00m. no extremo das plataformas de saída.

Equipo automático: A partir do momento no que se dispoña de equipo de clasificación automático, serán de aplicación todas as normas relativas a este, así como a súa obrigatoriedade. Deberá de dispor das instalacións e accesorios mínimos para a súa instalación.

Artigo 5. PISCINAS DE WÁTER-POLO

Todas las competiciones organizadas por la FEGAN, deben celebrarse en piscinas que cumplan las Normas de Instalaciones FEGAN.

5.1 Dimensiones Campo de Juego

El campo de juego es un rectángulo definido en el vaso de la piscina cuyas dimensiones debe tener los siguientes valores:

La FEGAN establece las siguientes dimensiones máximas y mínimas:

DIMENSIONES DEL CAMPO DE JUEGO (en metros)		Absoluto/ Juvenil Masculino	Absoluto/ Femenino	Juvenil
Longitud entre líneas de portería	Máximo	30,00	25,00	
	Mínimo	20,00	20,00	
Anchura	Máximo	20,00	20,00	
	Mínimo	12,50	12,50	
Profundidad	Mínima	1,80		
	Mínima recomendada	2,00		

El límite del campo debe estar situado a 0,30 metros detrás de la línea de portería. La distancia mínima desde la línea de gol hasta la pared del vaso se recomienda que sea de 1,66 metros.

5.2. Piscinas para Waterpolo


5.2.1. Vasos aptos

Son aptos para la práctica del Waterpolo los vasos detallados a continuación en la tabla siguiente.

DIMENSIONES DEL CAMPO DE JUEGO (en metros)	VASOS DE WATERPOLO						
	PRE-BENJAMIN	BENJAMIN	ALEVIN	INFANTIL	CADETE	JUVENIL	ABSOLUTA
LONGITUD	10/12,5	12,50/15	15	20/25	20/25	20/25	20/30
ANCHURA	10	10	12	12	12	12	12
PROFUNDIDAD MÍNIMA	1,50	1,50	1,50	1,80	1,80	1,80	1,80
PROFUNDIDAD RECOMENDADA	1,80	1,80	1,80	2,00	2,00	2,00	2,00

5.2.2. Delimitación

Para delimitar el campo de juego se dispondrán líneas flotantes, también llamadas corcheras, compuestas por una sucesión continua de flotadores de sección transversal.



5.2.3. Señalización

Habrán señalizaciones a ambos lados de juego que indicarán lo siguiente:

1. Señales blancas: línea de gol y línea del centro del campo
2. Señales rojas: línea de 2 metros desde la línea de gol
3. Señales amarillas línea de 6 metros desde la línea de gol
4. Una marca roja a cinco metros desde la línea de gol, para indicar el punto desde donde se lanza un penalti

Los laterales del campo de juego deben señalizar en color rojo desde la línea de gol hasta los dos metros, en amarillo desde los dos metros hasta los seis metros y verde desde los seis metros hasta el medio campo.

La zona de reentrada se delimitará con una marca roja, en el extremo del campo de juego, a 2 metros desde la esquina situada en el lado opuesto de la meda de secretaria.

En el lateral del campo de juego del lado de los banquillos habrá un área de sustituciones rápidas, que tendrá un ancho de 0,5 a 1 metros.

Esta área de sustituciones rápidas estará comprendida, entre la línea de gol del lado del banquillo hasta la línea de centro del campo.

5.2.4. Espacio arbitral

Se dispondrá de un espacio suficiente en ambos laterales para ubicar en uno de ellos la mesa arbitral (marcador, crono, secretario etc.) y el movimiento de los árbitros de un extremo a otro del campo de juego, y en las líneas de gol, así como los extremos para los jueces de gol y los banquillos de jugadores

5.3. El agua

El agua utilizable en un vaso de piscina para waterpolo cumplirá los mismos requisitos que se indican en el apartado correspondiente de las normas de natación.

5.4. El aire

El aire ambiente de toda piscina cubierta que incluya un vaso de piscina para waterpolo, cumplirá los mismos requisitos que se indican en el apartado correspondiente de las normas de Natación.

5.5. Iluminación

La iluminación será uniforme y de manera que no dificulte la visión de los jugadores, jueces ni de los

espectadores y no debe provocar reflejos en la lámina de agua.


Cumplirá la norma UNE-EN 12193 "Iluminación de instalaciones deportivas".

5.6. Porterías y redes

Los dos postes y el larguero de la portería deberán ser rígidos, de sección rectangular de 0,075 metros hacia el campo de juego y deberán estar pintados de color blanco. Las porterías deberán situarse sobre la línea de gol, equidistantes de las delimitaciones laterales del campo de juego y a no menos de 0,30m del límite de la piscina.

La anchura interior de la portería será de 3 metros. Cuando la profundidad del agua será de 1,5 metros o mayor, la parte inferior del larguero estará situada a 0,90m de la superficie del agua. Cuando la profundidad sea inferior a 1,50 metros, la parte inferior del larguero distará 2,40 metros del fondo de la piscina.

Las redes deben ajustarse a los postes y al larguero de la portería, de manera que cierren completamente el espacio de la misma, dejando al menos, una distancia de 0,30 metros detrás de la línea de gol.



5.1. CAMPO DE XOGO

1. CAMPO DE XOGO MASCULINO

A distancia entre as respectivas liñas de gol será de 20 m. mínimo e 30 m. máximo. A anchura do campo de

xogo será de 8 m. mínimo e 20 m. máximo. A profundidade da auga non será en ningún caso inferior a 1,80m. Profundidade recomendable 2,00m. Na categoría benxamín permitirase unha profundidade mínima de 1,50m, e na categoría alevín, de 1,60m.

2. CAMPO DE XOGO FEMININO

A distancia entre as respectivas liñas de gol será de 20 m. mínimo e 25 m. máximo. A anchura do campo de xogo será de 8 m. mínimo e 17 m. máximo. A profundidade da auga non será en ningún caso inferior a 1,80m. Na categoría benxamín permitirase unha profundidade mínima de 1,50m, e na categoría alevín, de 1,60m.

3. TEMPERATURA DA AUGA E ILUMINACIÓN

A temperatura da auga será de $26^{\circ} \pm 1^{\circ}$ centígrados. A intensidade de luz non será inferior a 600 lux.

4. SINALIZACIÓNS

Haberá sinais distintivos en ambos os lados do campo de xogo para sinalar as liñas de gol e medio campo, en cor branca, liñas de 2 metros en cor vermella e liñas de 5 metros en cor amarela. A delimitación do campo de xogo en ambos extremos debe estar 0,30 m. por detrás da liña de gol.

Disporanse de boias con flotadores colocados de xeito continuo, e firmemente estiradas para delimitar o campo de xogo, suxeitas con ganchos encaixados nos extremos das paredes.

As sinalizacións de 2 e 5 m. nas boias laterais realizaranse con flotadores de cor vermella e amarela respectivamente. De igual forma, nas boias da liña de gol, colocaranse flotadores de cor vermella ata 2,00 m. e desde a esquina do campo de xogo.

Este tipo de sinais poderán substituírse por conos ou outro tipo de marcas, situados en ambas bandas do campo de xogo, respectando as mesmas cores e as mesmas distancias, de tal xeito que queden claramente delimitadas todas as zonas de xogo.

5. DISTANCIAS

Deberá haber espazo suficiente en ambos os laterais para a mesa de control e o movemento dos árbitros dun extremo ao outro do campo de xogo; e nas liñas de gol e extremos para os xuíces de gol e bancos dos xogadores.

6. PORTERÍAS

A distancia entre a parte interior dos postes da portería será de 3,00m.

A distancia entre a parte inferior da barra transversal ou traveseiro e o nivel da auga deberá ser 0,90m.

As redes deben estar suxeitas aos postes e ao traveseiro de maneira que peche sólida e completamente a portería, deixando entre a liña de gol e a parte posterior da rede un espazo rectangular de polo menos 0,30m.

Os postes e o traveseiro, deben estar construídos de madeira, metal ou material sintético (plástico), con seccións rectangulares de 0.075 m., formando un rectángulo coa liña de gol e pintado de branco.

As porterías deben estar colocadas no límite exacto do campo de xogo, de xeito rixido e vertical, a igual distancia das dúas liñas laterais, e a un mínimo de 0,30 m. dos límites do campo de xogo ou de calquera obstáculo.

5.2. PISCINAS PARA COMPETICIÓNS TERRITORIAIS

Campo de Xogo: Masculino — 20x10 m. mínimo

— 30.00x20.00m. máximo

Feminino — 20x10 m. mínimo

— 25.00x17.00m. máximo

Profundidade: 1.80 m. mínimo. Preferible 2.00 metros. En categoría benxamín permitirase unha profundidade mínima de 1,50m, e en categoría alevín, de 1,60m.

Temperatura: Igual que 3.

Iluminación: A intensidade non será inferior a 1.500 lux.

Sinalizacións: Igual que 4.

Distancias: A distancia mínima no exterior do vaso, necesaria para o control da competición será de 2,00m. nos laterais e 5,00m. nos extremos.

~~Porterías: Igual que 6.-~~

~~Equipo Automático: A partir do momento que se dispoña de equipo automático, serán de aplicación todas as normas relativas ao mesmo, así como a súa obrigatoriedade. Deberá de dispor, polo menos, das instalacións e accesorios mínimos necesarios para a súa instalación.-~~

Artigo 6. PISCINAS DE NATACIÓN SINCRONIZADA

6.1.- FIGURAS

Para a competición de figuras, deberá haber dúas superficies de 10.00m. de longo por 3.00m. de ancho cada unha, e separadas da parede non máis de 1.50m.

A profundidade mínima será de 1.80m.

6.2.- RUTINAS

Para a competición de rutinas, é necesaria unha superficie mínima de 25.00m. por 12.00m.

A profundidade mínima será de 1.80m.

6.3.- TEMPERATURA

A Temperatura será de $26^{\circ} \pm 1^{\circ}$ centígrados.

6.4.- ILUMINACIÓN

A intensidade luminosa non será inferior a 600 lux.

6.5.- CLARIDADE

A auga debe ser o suficiente clara para permitir a visibilidade do fondo da piscina.

6.6.- EQUIPO DE SON

Deberase dispor de Equipo de son, que cumpra coas regras establecidas, ou na súa falta das instalacións e accesorios mínimos para a súa instalación.

6.7.- CONTROL DE XUÍCES

Para o control da competición, as cadeiras para os xuíces deberán estar a unha altura entre 1.50m. e 2.00m. por encima da superficie da auga.

6.8.- PISCINAS PARA COMPETICIÓNS TERRITORIAIS

Figuras:

As superficies mínimas para a competición de figuras serán igual que 6.1.

A profundidade mínima das áreas será de 1.80m. Preferible ter 2.50m. e 3.00m. mínimo de profundidade cada superficie.

Rutinas:

A superficie mínima para a competición de rutinas será de 25.00m. por 12.00m., e de 30.00m. por 20.00m. máximo.

A profundidade mínima será de 1.80m. Será preferible ter unha superficie de 12.00x12.00m. cunha profundidade mínima de 3.00 m., sendo a profundidade restante de 2.50m., cubríndose a inclinación nunha distancia mínima de 8.00m.

Temperatura:

A temperatura será de 26° ±1° centígrados.

Iluminación:

A intensidade de luz non será inferior a 1.500 lux.

Distancias:

A distancia mínima no exterior do vaso, necesaria para o control da competición será de 2.00m. en laterais e extremos.

A altura das cadeiras será igual que 6.7.

Equipo Automático/Son:

Deberá dispor de equipo automático e de son que cumpra coas regras establecidas, ou na súa falta das instalacións e accesorios necesarios mínimos para a súa instalación.

Artigo 7. PISCINAS DE SALTOS

7.1.-SALTOS DE TRAMPOLÍN

1. As táboas deberán ter unha superficie mínima de 4,80m. de longo por 0,50m. de ancho.

A superficie das mesmas deberá de ser antiescorregante .

Deberá así mesmo dispor de fulcros movibles, facilmente axustables polo competidor.

2. A distancia entre a superficie da plataforma de soporte e a parte inferior da táboa será como mínimo de 0.25m., cando o rodete do fulcro (de 0.75m. de longo), estea colocado a 0.25m. desde o bordo frontal, debendo aumentar esta 0.005m. por cada 0.005m. que aumente desde o bordo frontal.

A distancia mínima recomendable desde a parte traseira ao eixo do fulcro, será a que recomende o fabricante do trampolín.

Os trampolíns colocaranse a un ou ambos os lados da plataforma; debendo estar a un mesmo nivel cando o fulcro movable estea centrado.

7.2.- SALTOS DE PLATAFORMA

1. Cada plataforma deberá de ser ríxida.

2. As dimensións mínimas das plataformas deberán ser:

Altura	Largura	Lonxitude
0.6 a 1.0 m.	0.6 m.	5.0 M.
2.6 a 3.0 m.	0.6 m. (1.5m.)	5.0 M.
5.0 m.	1.5 m.	6.0 M.

7.5 m.	1.5 m.	6.0 M.
10.0 m.	2.0 m.	6.0 M.

3. O espesor do bordo frontal da plataforma terá un máximo de 0.20m., e poderá ser vertical ou inclinado, cun ángulo de 10° coa vertical interior da liña da chumbada.

4. A superficie e o bordo frontal da plataforma deberán estar cubertos completamente dun revestimento elástico non escorregante.

5. A fronte das plataformas de 10.0m. e 7.5m., deberán proxectarse polo menos 1.5m. mais aló do bordo da piscina.

Para as plataformas de 2.6m.,3.0m. e 5.0m., a proxección aceptable será de 1.25m.; e para as de 0.6m. a 1.0m., a proxección aceptable será de 0.75m.

6. Cando unha plataforma estea directamente debaixo doutra plataforma, a plataforma superior deberá proxectarse un mínimo de 0.75m. (preferible 1.25m.), máis aló da plataforma inferior.

7. A parte posterior e os lados de cada plataforma (agás as de 1.0m.), deberán estar rodeadas por pasamáns cunha separación mínima entre barrotes de 1.80m. A altura mínima deberá ser de 1.0m. e deberán ter, como mínimo, dous barrotes colocados por fóra da plataforma, iniciando a 0.80m. do bordo frontal da mesma.

8. Cada plataforma deberá ser accesible por escaleiras adecuadas (non manuais).

É preferible que unha plataforma non se constrúa directamente debaixo doutra plataforma.

9. Esixencias para a estrutura:

A carga de deseño para plataformas e estrutura de trampolíns é de $P = 350$ quilopondios (quilogramos forza), por metro lineal. Como adición ás esixencias estáticas e para o confort e seguridade dos usuarios con respecto ao movemento das torres, débense observar os seguintes límites con respecto aos soportes das plataformas e trampolíns:

Frecuencia fundamental das plataformas: 10 Hz.

Frecuencia fundamental da torre: 3.5 Hz.

Oscilación da estrutura total: 3.5 Hz.

A deformación espacial do bordo frontal das plataformas como resultado de $P_x = P_y = P_z = 100$ Kp (quilogramos forza), deberá ser como máximo de 0.001 metros.

Estas esixencias pódense cumprir máis adecuadamente nunha estrutura de formigón reforzado. As probas de comportamento dinámico deberán estar previstas xunto cos cálculos da estrutura total.

7.3.- ESIXENCIAS XERAIS.

1. Para piscinas deseñadas e construídas de marzo de 1991, deberán prevalecer as dimensións mínimas, en metros, que para instalacións de Saltos se detallan na táboa e no diagrama, usando como punto de referencia de medida básica a liña da chumbada, que é a liña vertical que pasa polo centro do bordo frontal do trampolín ou plataforma. Recoméndase usar as medidas sinaladas como preferibles para proxectos considerados dun nivel importante.

2. As dimensións C da chumbada á chumbada adxacente que figura na táboa, aplícanse a plataformas con anchos como os especificados en R.I. 5.2.2.

Se se aumenta o ancho da plataforma, as dimensións C aumentaranse na metade do ancho adicional.

3. A altura dos trampolíns e de cada plataforma encima do nivel da auga pode variar entre ± 0.00 metros e $+0.05$ metros das alturas especificadas nas regras.
4. O extremo dunha plataforma de 5 metros non debe proxectarse máis aló dos trampolíns de 3 metros.
5. Na área de profundidade máxima da auga, o fondo da piscina pode ter unha inclinación máxima do 2%. Na piscina de saltos, a profundidade da auga non debe ser inferior a 1.80m. en ningún punto.
6. Nas piscinas ao aire libre, recoméndase que os trampolíns e plataformas miren cara ao norte.
7. A iluminación mínima a 1 metro por encima da superficie da auga non deberá ser inferior a 600 lux.
8. As fontes de iluminación, tanto natural como artificial, deberán estar provistas de controis para previr que a luz provoque cegamento.
9. Deberá instalarse un sistema mecánico para axitar a superficie da auga, debaixo das instalacións de saltos, a fin de axudar aos saltadores na súa percepción visual da superficie da auga.
10. As cadeiras dos xuíces deberán estar a unha altura entre 1.50m. e 2.0m. por encima da superficie da auga.
11. A temperatura da auga deberá ser de $26^{\circ} \pm 1^{\circ}$ centígrados.

7.4.- PISCINAS PARA COMPETICIÓNS TERRITORIAIS

Dimensións: Deberanse cumprir as dimensións mínimas establecidas nas táboas e diagramas.

Temperatura: A temperatura será igual que R.I.5.3.11.3

Iluminación: A intensidade de luz a 1 m. de nivel da superficie da auga non deberá ser menor a 1.500 lux.

Distancia: A distancia mínima no exterior do vaso para o control da competición, será de 5.0m. en calquera punto de este.

Equipo automático: Deberá dispor de equipo automático que cumpra coas regras establecidas ou, na súa falta, das instalacións e accesorios mínimos para a súa instalación.

HOMOLOGACIÓN

Artigo 8.- NORMAS E PROCEDEMENTOS DE HOMOLOGACIÓN

8.1.- XERAIS

Para a consecución da homologación das instalacións, a FEGAN, deberá remitir información á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Concellos, Clubs (que o soliciten), e en xeral aos promotores da construción das instalacións. A devandita información consistirá no envío do Libro de Instalacións da FEGAN, a Normativa de Homologación, Procedemento e Custo.

8.2.- INSTALACIÓNS EN PROXECTO E/OU EXECUCIÓN

Deberase incluír a Homologación da instalación e custos na Memoria do Proxecto e Orzamento de Execución. Non se deberá de realizar a recepción provisional das obras ata a súa Homologación.

8.3.- INSTALACIÓNS XA EXECUTADAS

Deberase de solicitar a homologación da instalación, nas que se pretenda desenvolver competicións de

acordo coa regulamentación FEGAN.

As instalacións que xa se atopen homologadas con anterioridade, deberán de adecuar a instalación ás modificacións dos Regulamentos de Instalacións da FINA e Libro de Instalacións da FEGAN.

8.4.- CUSTOS

A FEGAN fixará anualmente os custos de homologación da instalación sobre a base de procedemento para a súa realización, adoptando cantidades relativas a dietas e desprazamentos xa establecidos e aprobados en Asemblea Xeral; así como as tarifas vixentes relativas á emisión de informes e certificados de Técnicos e Colexios Profesionais que interveñan en caso necesario.

8.5.- PROCEDIMENTO DE HOMOLOGACIÓN

1. SOLICITUDE

Deberase remitir á FEGAN a Ficha Técnica de Solicitud de Homologación acompañada da seguinte documentación :

- 1.- MEMORIA: Superficies; Instalacións; Xeneral descritiva sobre vestiarios, capacidade de espectadores, de usuarios, etc.
- 2.- PLANOS: Situación; Plantas, Seccións, Instalacións

2. TRAMITACIÓN

Por parte do Comité Técnico de Homologación de Instalacións, realizarase a apertura do expediente de Homologación, levándose a cabo un estudo coa documentación presentada; procedendo á súa realización sobre a base das prioridades que se establezan:

- Instalacións finalizadas que soliciten a celebración de Competicións.
- Instalacións finalizadas e homologadas con anterioridade, e que deban adecuarse ás modificacións aprobadas.

3. HOMOLOGACIÓN

A. Realización de Ficha Técnica e Certificado emitido por Técnico competente sobre medicións relativas ao cumprimento da Normativa de Instalacións da FEGAN.

As medicións deberán de ser moi precisas e realizadas con cinta métrica metálica e realizadas no punto central de cada pista. Comprobarase a verticalidade das paredes e as escuadrías dos planos verticais entre si. Realizarase unha comprobación da aliñación de todas as plataformas de saída e a súa plomada coa parede, así como a súa altura. Tamén se realizarán todas estas medicións nas placas de viraxe e nas bancadas cando existan. Farase referencia ao resto dos puntos da normativa en canto a sinalización, equipamento, luminosidade, etc.

Sería recomendable que a homologación realizácese segundo normativa da RFEN utilizando procedementos de medición con aparellos topográficos de gran precisión e a metodoloxía aprobada polo Comité Nacional de Homologación.

B. Realización de Ficha Técnica polo Comité de Homologación en colaboración do Comité Territorial de Árbitros sobre cumprimento de Normativa de Instalacións da FEGAN.

C. Unha vez remitidos a documentación e os certificados relacionados nos puntos A e B, o Comité de Homologación pronunciarase sobre a base da Normativa de Instalacións.

D. A FEGAN pronunciarase sobre a homologación da instalación sobre a base dos informes presentados, e dará a súa aprobación mediante a emisión dun Diploma acreditativo.